



CORREMELIDE 2006

Sempre en Galiza en galego

O galego, nado para a expresión falada
e para as letras fai máis de 1.006 primaveras

O galego, que xunto coa nosa cultura e
a pesares do devir histórico irregular,
non se silenciou!

Rosalía, Pondal, Curros..
os nomes propios do Rexurdimento,
un xoves que coma nós sentían algo moi forte
e sentíano en galego!

O galego, a lingua que entre as carballeiras bota a rir

O galego, que xa naquela época en branco e negro
loitaba por aboiar entre a marea de ignorancia
cultural do franquismo, e conseguíuno? Si!! Consequíuno!!

É unha loita continua
que xa foi xermolada e está en nós, é o noso deber
ir regándoa e como non facendo que medre...

Eles, os bos e xenerosos, puideron
a pesares de que os ignorantes, imbéciles e escuros
querían calar esta boa fala

Non vale de nada chorar
non é hora diso
ese tempo xa pasou
agora é tempo de berrala, de sentila e de querela

A nosa lingua foi, é e será o motor, o empuxe
e a vitoria da nosa loita!

Amor sen Tregua!!!

MANIFESTO CORREMELIDE 2006, ZELTIA

